



**M<sup>a</sup> YOLANDA GONZÁLEZ CONS**, Xefe de Negociado do Rexistro Xeral, por delegación do Secretario da Administración Municipal do Excmo Concello de Pontevedra **CERTIFICO**,

Primeiro.- Que o 16/08/17 publícase no Boletín Oficial da Provincia nº 156 o anuncio da “**CONTA XERAL DO CONCELLO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2016**”.

Segundo.- Que o mesmo día publícase dito anuncio de información pública no Taboleiro de anuncios do Concello.

Terceiro.- Que segundo resulta do Rexistro de Entrada de Documentos e Comunicacions do Concello, e salvo erro ou omisión involuntaria, durante o periodo establecido no anuncio para presentación de reclamacións, reparos ou observacións, dende o 17/08/17 ata o día da data, ambos días incluídos, **NON** se presentaron alegacións.

Non obstante cabe indicar que coa consulta efectuada non se pode asegurar que non se presentaran alegacións con outra descrición ou baixo outra denominación, tendo en conta que no Libro Rexistro recóllese unicamente un extracto do contido dos asuntos presentados e non o seu texto íntegro.

Certifícase sen prexuízo da posibilidade de remisión de alegacións vía restantes medios aludidos polo art. 16.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sen que, non obstante, se teña comunicado nada ao respecto neste momento.

E para que conste e aos efectos oportunos, expido a presente, co visto e praxe do Concelleiro Delegado da Area de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio en Pontevedra no día da data da sinatura electrónica.

